



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTESETE DE SETEMBRO DO ANO DOUS MIL OITO.**

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e cinco minutos do día vinteseite de setembro do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León

D. Tomás Fernández González.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez

Actúa como Secretario, o Secretario da Corporación, D<sup>a</sup>. Laura Fernandez Permuy.

Non asisten os concelleiros D. Antonio Estévez González e D. Francisco Veloso González.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

**PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTESEIS DE SETEMBRO DE 2008.**

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseis de outubro do ano dous mil oito, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que cando nas votacións se poña abstención por inasistencia, que se indique que é por inasistencia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que na paxina 4 do acta di que tamen se falou de medio rural e non se di; indica que na paxina 5 no penúltimo parágrafo se incluíu “ e como control político do GDR” para que queden os contidos claros; Na paxina 8 e onde se aprobou a auditoría quere que consten os anos que serían do ano 92 ata a actualidade.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseis de setembro de dous mil oito, resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Tomás Fernández González, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres./as Estévez González e Veloso González (dúas abstencións por inasistencia)

#### **PUNTO SEGUNDO: CALENDARIO LABORAL (FESTIVOS LOCAIS) PARA O ANO 2009.**

Conforme ó escrito recibido o pasado día 15/09/08 do Servicio de Relacións Laborais da Delegación Provincial da Consellería de Traballo no que indica a necesidade de determinar os días festivos locais para o vindeiro ano 2009.

Propón o Sr. Alcalde-Presidente, Sr, Lamela Bautista como días festivos locais o martes de Entroido e 12 ou o 13 de agosto.

Concedida a palabra ó Sr. Paz León, di que de ser entre mércores ou xoves (12 ou 13 de agosto) sería mellor o xoves.

Concedida a palabra ó Sr. Vázquez Vázquez, di que antes o que se facía era trasladar ó venres o festivo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e propón como festivos locais para o vindeiro ano 2009 o **martes de Entroido e o 14 de agosto.**

Seguidamente procédese á votación, resultando **aprobada por unanimidade dos asistentes (9)**, 4 integrantes do Grupo Socialista, Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón), 3 do P.P. Srs./as. Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, González González, e 2 do B.N.G. Srs. Fernández Simo e Carballo Suárez a proposta de festivos locais para o vindeiro ano 2009 o **martes de Entroido e o 14 de agosto.**

#### **PUNTO TERCEIRO: DECRETOS DO MES DE XUÑO E XULLO DO 2008.**

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

#### **PUNTO CUARTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.**

Dase conta das mocions de acordo co numero de entrada.

##### **1.- Rexistro de Entrada nº 2586 de data 19 de setembro de 2008: Moción presentada polo BNG**

“Xesús Deibe Fernández Simo e Cayetano Carballo Suárez, concelleiros do grupo do BNG no Concello de Lobios, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes presentan a seguinte **MOCIÓN PARA COMPENSAR AOS CONCELLOS CON CENTRAL HIDROÉLECTRICA POLA REDUCCIÓN DO IBI.**



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Real Decreto 1464/2007, polo cal as normas técnicas de valoración catastral, establece tanto as normas específicas de valoración como os coeficientes correctores diferenciados que deberán ter en conta os concellos para fixar o Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) sobre os Bens Inmóbeis de Características Especiais (BICES), tais como centrais hidroeléctricas, parques eólicos, estradas e autoestradas, etc.. A nova normativa tamén atribúe ao Catastro a exclusividade para levar a cabo as ponencias de valores, tomando, como único criterio o método de valoración do citado Real Decreto, que recolle os módulos contemplados nos anexos para cada unha das clases de bens inmóbeis de características especiais.

Esta nova lexislación afectou negativamente ao Concello de Lobios e a outros concellos galegos con centrais hidroeléctricas, grandes encoros e presas, xa que os valores catastrais deste tipo de bens e instalacións teñen reducido, cos novos criterios de valoración, os ingresados e consolidados no ano 2007 e anteriores. Desta forma, a recadación por IBI, unha das principais fontes de ingresos das arcas municipais xa de por deficitarias, ten diminuído considerablemente.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorable do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte.

### ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para demandarlle.

1. Compensar economicamente ao concello de Lobios que, debido á aplicación do Real Decreto 1464/2007, vexan reducida a recadación do IBI debido á minoración na valoración dos seus Bens Inmóbeis de Características Especiais, habilitando tal efecto as partidas necesarias nos Orzamentos Xerais do Estado para os vindeiros anos.

2. Modificar o Real Decreto 1464/2007, de xeito que se inclúa o contido da setenza do Tribunal Supremo do 30 de maio do 2007 sobre a consideración fiscal dos bens destinados á produción de enerxía eléctrica en réximen especial, como son os parque eólicos.

Lobios a 17 de setembro.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se presenta a mocion para ratificar unha preocupacion que vemos nun Concello que se ve afectado pola modificacion do RD 1464/2007 e que perxudica a Concellos que como Lobios sufriron inundacions.Exponse a mocion

Toma a a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que Lobios é un gran perxudicado pola medida do Real Decreto no que se fai unha nova valoracion dos embalses e que fai que frente aos 18.000 € que se ingresaban polo embalse Das Conchas, se pasen a ingresar 1.000 €, continua decindo que acudiu a unha reunion do Catastro solicitando que deran a informacion e se esta esperando que chegue para pedir a revision. Por outro lado se mantivo unha reunion co Conselleiro de Medio-Ambente e se van a tomar medidas para dar melloras ao Concello. Continua decindo que Lobios ten outro agravio significativo que é Lindoso xa que ao afectar a outro pais non se pagan tributos do BICES tamen se elevou este tema ao Senador para iniciar un proceso e traballar sobre estos bens. En relacion aos eolicos por estar situado nun parque natural non nos afecta xa que non se poden instalar eolicos pero ainda que non nos afectan todolos puntos da Mocion o voto é favorable.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada por unanimidade dos membros:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vazquez Vazquez, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez ( nove votos a favor)



CONCELLO DE LOBIOS

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

## 2.- Rexistro de Entrada nº 2587 de data 19 de setembro de 2008: Moción presentada polo BNG

“Xesus Debie Fernandez Simo E Cayetano Carballo Suárez, concelleiros do grupo municipal do BNG no Concello de Lobios, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes presentan a seguinte **MOCIÓN DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O NOSO CONCELLO.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadás, debe ser co complemento e elemento arrequecedor da democracia representativa. Participación e descentralización e mais eficacia e transparencia na xestión, permítenlle a un concello aberto e democrático impulsar unha actuación ao servizo dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellra das súas condicións de vida e no progreso socio-económico do seu concello.

Debe ser un obxectivo irrenunciable para o noso concello desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan, e nas que se organizan, especialmente s asociacións veciñais e as súas federacións, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariasi, etc., que representan o elemento vertebrado dunha colectividade, motivadores do achegamento entre o cidadán e a Administración Local, no intento dunha mías çaxil resposta do Concello aos problemas cotiáns.

Dende o BNG entendemos que un documento destas características ten que ser elaborada coa participación e aportación dos distintos colectivos cidadáns do concello buscando así que o documento resultante sexa froito da participación e do consenso.

Por todo o anterior exposto, o grupo municipal do BNG a adopción do seguinte .

### ACORDO.

- Aprobación do regulamento anexo coas modificacións que na presente sesión se aproben nas enmendas dos diferentes grupos políticos.
- Apertura do libro de visitas da páxina web municipal.

Lobios a 17 de setembro de 2008.

### ANEXO.

#### REGULAMENTO PARA PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE LOBIOS.

#### LIMIAR.

O Concello de Lobios considera a participación dos veciños e veciñas na xestión municipal como unha das prioridades da Administración Local. Entende o Concello como unha institución ao servizo dos veciños e veciñas obrigada, non só manter un funcionamento democrático e transparente, senón a facilitar as máximas cotas de integración dos cidadáns e das súas asociacións nos traballos e decisións municipais.



## CONCELLO DE LOBIOS

A democracia real non pode limitarse ó exercicio do dereito ó voto cda catro anos. A xestión das institucións e dos representantes eleixidos ten que ter en conta e someterse ao seguimento habitual dos electores, para o que resulta imprescindible o establecemento de mecanismos de información, control e participación municipal. Coa elaboración do Regulamento de Participación Cidadá (RPC) o Concello pretende plasmar as posibilidades de participación contempladas na Lexislación vixente, dando rango normativo a algunhas prácticas xa habituais e creando novas posibilidades para o exercicio efectivo dos dereitos veciñais. O Regulamento establece o procedemento polo que os particulares e as entidades legalmente constituídas poden informarse e opinar nas distintas fases do proceso político de toma dunha decisión e de execución administrativa da mesma para o que se garanten unha serie de dereitos ( información, consulta, petición) e órganos( Asembleas de Veciños, Consello de Participación veciñal) para poder exercer a participación popular.

O Concello de Lobios entende, en todo caso, que o proceso de participación cidadá non pode limitarse á existencia duns marcos normativos e organizativos ou ao recoñecemento formal duns dereitos. Compre ademais, o compromiso expreso da institución de desenvolver dunha política social que garanta a promoción da iniciativa social e o asociacionismo, e procure eliminar os condicionantes( socioculturais e económicos) que veñen dificultando a participación efectiva da poboación.

E intención do Concello de Lobios que o presente Regulamento saia dun proceso de debate e compromiso entre as forzas políticas e os diversos representantes veciñais, nomeadamente ás Asociacións de veciños, que son os que deben protagonizar as novas formas de participación. O noso desexo é que as posibilidades agora expostas, pensadas para a realidade actual municipal e o marco legislativo vixente podan ser potenciadas e aemploadas no futuro.

### REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE LOBIOS DISPOSICIÓN XERAIS:

**ARTIGO 1.** O obxecto do presente Regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadadáns na xestión municipal de conformidade coa lexislación vixente.

**ARTIGO 2.** a aplicación do presente Regulamento pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Facer efectivos os dereitos veciñais recollidos na LRBRL.
- Facilitar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.
- Facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e Entidades cidadáns na xestión municipal.
- Fomentar a vida asociativa no Concello.

### CAPITULO I.

#### DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS ( RMA)

**ARTIGO 3** Poderán inscribirse no RMA todas aquelas entidades legalmente constituídas de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, cuxo marco territorial de actuación sexa o Concello de Lobios e que teñan como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns-

**ARTIGO 4** – A inscrición no RMA será requisito imprescindible para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos ás Asociacións no presente Regulamento.

#### **ARTIGO 5.**

- a) O Rexistro estará ó cargo da Secretría do Concello e os seus datos serán públicos.
- b) As solicitudes de inscrición presentaranse polas entidades interesadas no Rexistro do Concello, debendo aportar a seguinte documentación:



## CONCELLO DE LOBIOS

1. Os Estatutos da Entidades.
2. Número de inscrición no rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
3. Datos de identificación de persoas que ocupan cargos directivos.
4. Domicilio social e cédula de identificación fiscal.
5. Orzamento do ano en curso.
6. Programa de actividades do ano en curso.
7. Certificación do número de socios.

ARTIGO 6 No prazo de 15 días dende a solicitude de inscrición, que este se interrompa pola necesidades de aptar documentación non incluída inicialmente, o concello notificará a Asociación o seu número de inscrición e a partir dese momento considerarase de alta a todos os efectos.

ARTIGO 7. As Asociacións inscritas están obrigadas a manter os seus datos actualizados, notificando cantas modificacións se produzan no prazo dun mes. O Orzamento, o balanço económico do ano anterior e o programa anual de actividades comunicaranse durante o primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 8. o incumprimento das obrigas contempladas nos artigos anteriores poderá dar lugar á baixa da entidade ou Asociación no Rexistro Muncipi, coa correspondente perda de dereitos.

## CAPITULO II .

### DEREITOS DAS ENTIDADES REXISTRADAS.

ARTIGO 9. sen perxucio do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a tódolos cidadáns as entidades rexistradas gozarán, previa solicitude dos seguintes dereitos:

- a) Recibir no seu enderezo social, as convocatorias e ordes do día, así como os acordos e resolucións dos órganos colexiados municipais.
- b) Acceder ó uyo dos medios públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación.

ARTIGO 10. o orzamento municipal incluirá unha partida destinada especificamente ao fomento do Asociacionismo no apartado de acción social con un mínimo anual de 3.000 euros. Nas bases de execución dos presupostos , así como no Regulamento de subvención explicitaranse os criterios obxectivos de distribución de axudas as entidades, que deberán ser xustificadas.

## CAPITULO III.

### DA INFORMACIÓN MUNICIPAL:

ARTIGO 11. a cargo do Rexistrto xeral do Concello existirá un Libro de Queixas e Reclamacións a disposición de tódolos veciños.

ARTIGO 12.- o Departameneto de participación cidadá , dependerá de Benestar Social, e será o encargado de :

- a) Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, actuacións municipais e dereitos cidadáns.
- b) Coordinar toda a actividade municipal relacionada coa información ao cidadán e, en especial, o seguimento das iniciativas, queixas e reclamacións presentadas por veciños ou entidades cidadáns.



## CONCELLO DE LOBIOS

c) Xestionar a información cidaá nun apartado específico da páxina web municipal que permita aos veciños situar opinións sempre que se faga de xeito correcto nun libro de visistas público e nun foro.

### ARTIGO 13.

- a) As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitiranse, directamenete, aos representantes veciñais e faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e daránselle a máxima difusión pública posible.
- b) Sen prexucio do disposto no art.. 70.2 da LRBRL, a Corporación dará publicidade do contido0 das sesións plenarias, así como das resolucións do Alcalde e o Tenente alcalde e das que pola súa delegación dicten os Delegados. A tal efecto, utilizaranse o s medios sinalados no apartado anterior, así como cantos outros se estime convinte para unha mellor información veciños.

ARTIGO 14.-Seran obxeto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, asi como, os que afecten ao comun dos cidadans en materias orzamentarias, fiscal, urbanistica e social. No mesmo senso seran obxecto de divulgacion especifica no seu ambito de aplicacion aquelas actuacións ou plans municipais que afecten a meirande parte dos cidadans.

ARTIGO 15.-os veciños poderán recabar no Rexistro, información sobre as actividades municipais solicitude oral ou escrita. Esta deberá ser motivada, excepto para a obtención de copias ou certificacións acreditativas de acordos municipais antecedentes dos mesmos ou consulta de arquivos e rexistros.

ARTIGO 16. as solicitudes serán constestadas nun prazo máximo de 1 mes e a información proporcionarase de forma gratuíta.

## CAPITULO IV.

### DA PARTICIPACIÓN NOS ORGANOS MUNICIPAIS:

#### ARTIGO 17.

- a) As sesións do pleno son públicas.
- b) Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local e Comisións informativas.
- c) Os veciños, colectivos interesados ou Asociacións poderán intervenir nas Comisións municipais sempre que o soliciten previamente ou sexan invitados polo Presidente da Comisión. Poderán, igualmente, ser invitados ás sesións da Comisión de Goberno.

ARTIGO 18. Caquera entidade que figure inscrita no Rexistro municipal de Asociacións, poderá manifestar, sempre que o solicite da Alcaldía Presidencia con anterioridade ó comenzo da sesión.

Asimesmo, calquer veciño ou entidade terá dereito a expresar o seu punto de vista sobre asuntos da vida municipal nun turno de participación que se abriará ó remate de cada sesión, constando tales intervencións na acta.

## CAPITULO VI.

### DAS ASEMBLEAS DE VECIÑOS.

ARTIGO 19. A asemblea de Veciños é un órgano de participación directa de carácter informativo e consultivo respecto da actuación municipal.



## CONCELLO DE LOBIOS

ARTIGO 20-. A asemblea será convocada polo responsable de Benestar social mediante notas informativas e medios de comunicación locais, por propia iniciativa, por acordo da maioría do Pleno ou por solicitude asinada, con nome e dni por un mínimo de 25 veciños/as.

ARTIGO 21. considérase constituída a asemblea cando no local consignado na convocatoria estean presentes un mínimo de 5o veciños e veciñas do municipio baixo a presidencia do responsable de Benestar Social.

ARTIGO 22. a asemblea adoptará os seus acordos por maioría. As súas decisións serán difundidas polos medios de comunicación locais e comunicados á primeira sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebre.

## CAPITULO VII

### DO CONSELLO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL.

ARTIGO 23. O Consello de participación veciñal (CPV) é un órgano de participación, información, seguimento, control e proposta de xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia.

O CPV crearase por acordo plenario. A Súa organización, composición e ámbito de actuación serán establecidos no correspondentes acordo plenario.

ARTIGO 24.- O CPV estará integrado polos seguintes membros:

- ? PRESIDENTE: o alcalde ou persoa en que delegue.
- ? Concelleiro responsable de Benestar social.
- ? Un membro de cada grupo político con representación no concello.
- ? Secretario/a da Corporación ou persoa en que delegue exercerá como Secretario do CPV.
- ? educador/a social do concello.
- ? traballador/a social.
- ? Un representante do Centro de Saúde .
- ? Un representante da Comunidade Escolar ( colexio EXB E /OU Instituto.)
- ? Un representante de cada asociación de cada unha das parroquias e un da asociación local de empresarios.

Eventualmente poderán participar con voz e sen voto aqueles sectores, Entidades ou persoas, cuxa presenza se estime necesaria para o tratamento de determinados temas, puidendo ser requeridos a instancia do propio concello, ou asistir por solicitude propia sempre e cando se admita pola maioría do Consello.

ARTIGO 27. A máis do disposto na lexislación serán en todo caso facultade do CPV.

- a) Presentar iniciativas, propostas ou sexestións ao Concello para ser discutidas nos Órganos Colexiados Municipais, así como colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos e facer un seguimento dos órganos municipais, empresas públicas ou privadas prestatarias o orzamento.
- b) Discuti-lo programa anual de actuación, e estudar o orzamento.
- c) Ser informado dos dictames aprobados polas Comisións Municipais, dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, Alcaldía e Pleno, respecto daqueles temas de interese, facilitándosele ademais o acceso aos expedientes correspondentes.
- d) Ser consultado e emitir informe no caso en que os órganos municipais debatan e aproben asuntos de especial importancia.
- e) Participar na xestión dos centros e instalacións municipais mediante representantes eleixidos entre os membros do movemento asociativo.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

#### CONCELLO DE LOBIOS

ARTIGO 28. o Consello celebrará un mínimo de 2 reunión anuais. Será ordinariamente convocado polo Presidente, a iniciativa propia ou por solicitude dun tercio dos seus membros.

ARTIGO 29. considerarse constituído en primeira convocatoria cando estean presentes a metade dos membros, e en segunda convocatoria calqueira que sexa o número de asistentes O CPV adoptará os seus acordos por maioría absoluta.

ARTIGO 30 Cando algún membro do Consello non acuda por 3 veces consecutivas. Sen causa xustificada, será substituído da súa responsabilidade.

ARTIGO 31. o PLENO DO CONCELLO, por iniciativa ou previa proposta do CPV poderá acordar o establecemento de Consellos Sectorias, que terán como fin facilitar a participación dos veciños e as súas Asociacións en temas de carácter sectorial.

A composición organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectorias serán establecidos no correspondente acordo plenario.

#### *DISPOSICIÓN TRANSITORIAS.*

PRIMEIRA: aprobado este Regulamento de Participación cidadá o cpv constituirase no prazo de 6 meses.

SEGUNDA. Transcurrido un ano de aplicación do presente Regulamento elaborarse un balance de funcionameneto, propoñéndose se procede a modificación do mesmo de forma que se puidese axustar máis a realidade e as necesidades do municipio.

#### *DISPOSICIÓN FINAL.*

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que previamente a que se proceda a lectura da mocion presentada polo Grupo Político Municipal do BNG, na que se trata da aprobacion de un Reglamento de participacion ciudadada para o Concello de Lobiose que algo que todos deseamos peor que de adoptarse o acordo este seria nulo xa que non esta completo o expediente, polo que considera adecuado que se produza unha reunion entra as asociacions para que se participe na rdaccion dun Reglamento e se leve a un Pleno Extraordinario e propon que se retire ata que se poda estudar o tema.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que para retirala mocion ten competencia el xa que é unha mocion presentada polo seu grupo. Continua decindo que o que se pretende é unha proposta de reglamento de participacion ciudadada qu é bastante extenso con varios capitulos, 31 artigos e 2 Disposicions Transitorias e unha Final e non se pretende impoñer este Reglamento. Ademais no Punto segundo se fala da paxina Web. Continua decindo que no tempo que leva como Concelleiro nunca houbo problemas á hora de manifestarse e nunca houbo problemas para que a xente participara, pero tras o ocorrido no Pleno anterior presentamos este texto no que admitimos as enmiendas que se presenten polos demais grupos políticos, en canto á paxina Web, o libro de visitas leva aberto anos e sempre foi un punto onde se falou ben e mal e nunca pasou nada sempre que sexan criticas constructivas, se trata dun medio de informacion da xente de fora e por iso se pide qu se aprobe o Reglamento coas enmiendas que se presenten e que se restituia a paxina web e o libro de visitas xa que os veciños para poder falar do que queiran tivo que ser unha asociacion a que restituise ese servizo, continua decindo que non pasa nada porque se critique aos concelleiros.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que sobre o primeiro punto da mocion propon que se pospoña o punto xa que ten que estudiarse o tema e tivo pouco tempo para



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

facen modificacións no mesmo, en cuanto ao segundo punto da paxina web considera que é un servizo que estivo sempre aberto e non entende por que se suprimiu, indicando que non esta en contra de que se volva a abrir.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que todos teñen que facer propostas nun Regulamento que é moi interesante pero que se teñe que modificar en algúns puntos polo que considera oportuno pospoñelo ao proximo Pleno, continua decindo que están dispostos a aceptar e crear un reglamento pero non están de acordo con que nun Pleno se produzan gritos e pancartas, ademais di que “mentiu ( polo Sr Simo) ao utilizar unha frase que dixen e que era unha frase feita que era “ Un Alcalde esta para gobernar á maioría e non a catro idiotas” para utilizala como se fose contra algúen en particular cando en verdade non iba contra nadie en particular e non é ofensivo, ademais meteu polo medio a outro concelleiro e o elevou a niveis públicos”, continua decindo que o libro de visitas era un dos máis entrañables no que había un alto nivel intelectual, pero empezouse a utilizar para dicir moitas barbaridades e aproveitando o anonimato usouse de mala maneira e o problema ven cando se atacou a unha persoa que non ten nada que ver cos medios públicos, esta persoa solicitou o peche da paxina e despois de consultar xuridicamente o que se podía facer ante este caso se comprobou que tendo en conta os artigos 205 e 211 e 212 do Código Penal o responsable do que se poñía no libro é o titular do mesmo e así o recolle a xurisprudencia, como é a sentenza dun personaxe público como é “Ramoncin” e onde se condenou ao propietario da paxina web a indemnizar, neste caso se está ante delinquentes que estaban dando unha mala imaxe ao Concello e por iso se retirou temporalmente ese libro, aínda que unicamente se retiraron as mensaxes anónimas pero abriuse un foro que unicamente ten este Concello xa que os demais Concellos retiraron este sistema.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, pide que conste en acta que se lle acusa de mentir, continua decindo que o Sr Alcalde di que falar de catro idiotas e mirar ao público non é insultar, pero que el o considera un insulto. En relación co libro de visitas di que nel aparecían unhas fotos dun acto público onde aparecen cargos institucionais, e cargos públicos, e nun acto público se pode fotografar e non entende que por tratarse dunha persoa cercana ao PSOE se peche a paxina web polo que propón retirar o primeiro punto e manter o segundo da moción.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que esta de acordo en retirar o primeiro punto e que en relación coa paxina web, non ve problemas en que se abra pero pide que a xente que fale teña respecto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que existe un foro que identifica as persoas e no que se pode falar, o 99 por cento dos Concellos non teñen foro e no libro se retíñen as mensaxes ata que se identifique a persoa pero este sistema non se pode utilizar en Lobios debido a falta de medios, pero si que se pode utilizar o foro onde se pode falar identificándose.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se quere a persoa que se viu afectada denunciar, se é verdade que se considera vulnerada.

Sometida a votación o segundo punto da presente moción, resultou aprobada por maioría absoluta co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, González González Fernández Simo, e Carballo Suárez ( cinco votos a favor)

**VOTOS EN CONTRA:** Sres./as Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon ( catro votos en contra)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

**3.- Rexistro de Entrada nº 2622 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo BNG**



CONCELLO DE LOBIOS

**“TENENCIA DE ALCALDÍA DO CONCELLO DE LOBIOS.**

Tenente de Alcalde, remito informe técnico sobre o Plan Local de intervención socioxerontolóxica e propono para o debate no vindeiro pleno ordinario a seguinte moción:

Que o pleno adopte os seguinte acordo:

- Asímesse como documento técnico o informe presentado e adóptase acordo para a ubicación de vivenda comunitaria na capitalidad do concello de lobios, definindo a casa do médico e o seu entorno como lugar idóneo para a construción da mencionada vivenda. Ao mesmo tempo, na planta inferior construírase un recursos comunitario para a terceira idade. Este recurso complementará os servizos ou recursos xa definidos no anterior informe e os cuais a corporación municipal considera idóneos.

En Lobios a 22 de setembro de 2008-09-23” O informe presentase como anexo I do acta.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, pide que se lle permite falar e que non lle corten a palabra, continua decindo que o alcalde lles acusa de mentir e ese non é o camiño, senon o do consenso, fai mencion a un artigo publicado na Voz de Galicia de data xoves 14 de agosto de 2008 indicando que os documentos son os que indican quen miente e quen non, solicita que conste en acta, continua decindo que non van a entrar nun debate que é extenso e largo, o importante é que en agosto se presentou unha proposta para poñer a Lobios nun nivel de benestar social de acordo co sistema, conseguindo un servizo de xantar n acasa, un servizo de teleasistencia, e se quere complementar mediante esta mocion e un informe que se adxunta de 93 follas, onde o mais importante esta no final onde se fai un resumo proponendo un nivel de inversion de case dous millóns de euros, no proxecto se pretende crear un centro residencial, cunha intervencion para os maiores terapeutica e digna e tamen un centro para Lobios con uso polivalente para que as personas poidan disfrutar de atencion ludica e este proxecto da area de benestar social debería ser apoiado polos membros do goberno e non opoñerse ao mesmo, continua decindo que “presentar unha mocion presentada no RE nº 2622 que busca que en Lobios se cree un Centro Residencial destas características e que vostede (Sr Alcalde) presente unha mocion co RE nº 2626 para tratar o mesmo e contraatacar e é a primeira vez que sucede nun Concello polo que lle pido que retire a mocion chea de erros xa que os ratios que se utilizan non son validos, fala de corenta dependentes cando os nosos datos son menores, fala do Servizo Galego de Benestar e sen embargo no Servizo din que non saben nada, se contradi cando fala do Presidente pero solicita ao Consorcio, é un despropósito”, presenta un escrito do Sr Alcalde dirixido a D. Lois Perez Castrillo onde le “..en relacion o seu escrito do 6 de xuño relativo a unha suposta proposta miña para a construcion dun Centro de Dia en Lobios e no cal me comunica o inicio dos tamites para a elaboracion do proxecto, manifesto a miña sorpresa xa que a dita proposta non se corresponde a ningunha iniciativa miña, e mais nin sequera a coñezo”, continua decindo que o que se pretende é darlle aos veciños un Centro de dia digno, un Centro Residencial en Lobios e un centro Sociocomunitario, le a mocion e continua decindo que se pon a casa do medico, aínda que a ubicacion da igual.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se hai duas mocions deben lerse as dous.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, contestando primeiro que o Convenio Xantar na casa se conseguiu despois de traballar xa que non estaba previsto nos orzamentos, indica tamen que o proxecto da Galescola non foi adiante porque os bens non estaban catastrados, cosa que se debe ver antes e comprobar que se teñen todos os documentos precisos, e continua decindo que fai frases moi arriesgadas porque din que se dedican a buscar inversiones pero comparando con outros Concellos é facil comparar, indica que nunca votan abaixo nada e oxala veñan cousas para Lobios, continua decindo que en Lobios non hai ningun expediente relativo ao Centro de Dia, non se ten coñecemento salvo que nun Pleno se sacou e iso foi o que contestou no escrito a D. Lois Perez Castrillo que no seguinte parrafo di: “...Certo é que se levou o Pleno Municipal o 27-12-2007 unha iniciativa do Tte de Alcalde de dotar con un Centro de Dia Comarcal a Grou...que este Alcalde non rexeita, pero que deixa absolutamente claro en todo momento que o Centro de Dia Municipal debería ser loxicamente na capitalidade(



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

#### CONCELLO DE LOBIOS

Acompañó acta do Pleno)” indica que nunca falou dun Centro de Día Municipal en Grou, senon un Comarcal en Grou e un Municipal en Lobios, o Centro de Día Municipal é factible e cando viu o Presidente tivo unha reunión posterior co Sr Presidente e con Pachi Vazquez ( de Medio-Ambente) onde se tratou dun Plan de desenvolvemento sostible da Baixa Limia, elaborouse un proxecto que é o que se presenta no que o custe sería de 0 xa que a Xunta invirte o 95% e o 5% sería por parte da Deputación, este proxecto é independente do que se faga en Grou, considera que debe ser un Centro público pero descarta a casa do médico porque incluíuse no proxecto do Obradoiro votado en Pleno de data 11 de xullo de 2008.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que unha vez escoitado as dúas exposicións ve que non están en contra un proxecto e o outro, o que hai que ver e si son viables os dous proxectos, indica que o que pode indicar é que foi el quen iniciou este tema nunha reunión co Sr Vicepresidente da Xunta e firmou o Convenio para facer unha Residencia compartida co Centro de Día, continúa decindo que si as dúas opcións son viables non entende por que se discute, claro é que Lobios é o Concello con máis habitantes da Comarca repartidos entre distintas parroquias pero punto básico é Lobios, agora como centro comarcal entende que debe falarse cos Alcaldes de Lobeira e Entrimo e ter o seu apoio, conclúe decindo que están de acordo co Centro de Día Municipal e a Residencia en Lobios e non están en desacordo co Centro Comarcal en Grou presentado por Deibe, polo que se os demais están de acordo propon ir xunto ao Sr Vicepresidente e ver que se comprometeu con el a esa obra.

Concedida a palabra ó Sr. Paz Leon, indica que se opón a que a Residencia sexa concertada ou privada.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que tamen esta de acordo con iso.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que esta de acordo co Sr Vázquez Vázquez, pero que primeiro debe contestar as acusacións fai mención á acta de data 26-01-08 na páxina 14 le “...O Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indica que ninguén se opón a creación da galescola pero hai problemas en definir a ubicación xa que hai problemas cos documentos de compra” na acta de 11-02-08 le “PUNTO SEGUNDO: EXPEDIENTE Nº 2008/10: CESIÓN DE USO DE TERRENOS AO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA A CONSTRUCCIÓN DE EQUIPAMENTOS PARA A DEPENDENCIA OU INFANCIA.” Indica que o Sr Alcalde fala de a non existencia de expedientes pero para a cesión de terreos ao Consorcio o único que se necesita é a cesión do terreo, continúa decindo que o Centro de Día é imposible xa que temos entre 10 ou 12 persoas dependentes e por iso busca un modelo máis beneficioso, xa que o modelo do centro de día de Muiños é unha gardería para maiores e aquí se busca un nivel superior e se busca un modelo que poida darlles o mellor servizo, continúa decindo que o convenio entre os Concellos non é preciso xa que a Lei de Dependencia ten os seus procedimentos e relación surxe entre a Residencia e o veciño, e o Concello non fai nada, responde ao Sr Paz Leon decindo que el defende evidentemente o público pero no informe se distingue entre público e privado e defenden o concertado porque nos Públicos como o de Castro Caldelas os veciños non están alí, xa que o Centro Público está cheo de xente doutros Concellos, conclúe decindo que non teñen nada a favor do Centro Privado pero pensan no Servizo aos veciños e no que sucedeu noutros Concellos.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que a xente pode preguntar por que en Grou e non en Lobios.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que o Centro de Día en Grou e Residencia en Lobios porque o Centro de Día ten que dar uns ratios e en Grou se consiguen maiores ratios, indica que a proposta sempre foi facer Centro de Día en Grou e en Lobios o Centro Residencial co Centro Integrado para dar solución diurna xa que son os veciños os que elixen

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que na moción se ve un Centro Xeriatrico de día que é unha proposta, e outra que fala da casa do médico e aprobalo informe xerontolóxico que afecta a todo o conxunto.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que a súa proposta é asumir o documento técnico e adaptar un acordo para a ubicación dun Centro Residencial na Capitalidade de Lobios, continúa decindo que introduza a súa mocion e se consuensen as dúas para chegar a un acordo, que enmiende a mocion.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que presenta ua súa mocion, da paso a un resumo da mesma;

#### 4.- **Registro de Entrada nº 2626 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo PSG-PSOE**

“Don José Lamela Bautista, portavoz socialista no concello de Lobios, en base ó previsto no artigo 46 da Lei de Bases reguladora do Réxime Local, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA A CREACIÓN DE UN CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA DA TERCERIRA IDADE**, para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A poboación dos Concellos de Entrimo, Lobios e Muíños está moi envellecida, supoñendo a poboación do 435,6 cando o global galego é 133,5. Trátase de máis de 2000 habitantes que, en moitas ocasións, no caso de entrar nunha situación de dependencia non teñen ningún familiar que se poida ocupar deles. O índice de dependencia senil destes tres Concellos é do 74,9 fronte o 34,4 do conxunto de Galicia.

En Entrimo existe unha residencia privada con 28 prazas e ningún establecemento público, polo que a oferta é insuficiente. En Muíños está en marcha un centro de día/ residencia para 30/40 persoas. Próxima está a residencia de Bande, con 5o prazas e está en marcha un centro de día. Tamén na parroque de Grou se está propoñendo un centro de día comarcal con vocación xeográfica adecuada para atender os concellos de Lobeira e de Entrimo.

Lobios, con case a metade da poboación dos concello citados, e en consecuencia, con aproximadamente o 50% dos casos de envellecemento e dependencia senil, non ten polo de agora proposto ningún tipo de establecemento adecuado de carácter público que satisfaga esas necesidades.

Na actualidade, a Xunta de Galicia, atendendo unha proposta verbal que lle fixeron os representantes do Psde G –PSOE na visita do Presidente Touriño a Lobios, decidiuse pola construción e posta en funcionamento de un centro de día/ residencia na capitalidade de Lobios con capacidade para 30/40 persoas, con as mesmas características que o de Muíños.

Esta iniciativa de un centro de día/residencia na capitalidade de Lobios, xa está incluída dentro dos proxectos do “PLAN PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO PARQUE NATURAL BAIXA LIMIA-SERRA DO XURES”, un plan que foi elaborado con o obxectivo principal de aumentar a calidade de vida da poboación do Parque Natural e da súa coana de influencia, de forma compatible coa conservación ambiental e considerando o espazo natural protexido como un activo importante de desenvolvemento económico local, e, concretando estes obxectivos xerais en obxectivos específicos que tratan de acadar mellores parámetros de calidade de vida en distintos ámbitos sociais. O PSD será sometido á aprobación do Consello da Xunta de Galicia para ser publicado en Decreto.

Os datos facilitados PSD para o proxecto, son os seguintes:

PROXECTO Creación de un centro de día e residencia da terceira idade en Lobios.

LIÑA DE ACTUACIÓN: Dotación de infraestructuras e SERVIZOS.

PROGRAMA infraestructuras e servizos sociosanitarios.

ACCÍONS A DESENVOLVER.

1.Construír e poñer en funcionamento un centro de día /residencia en lobios con capacidade para 30/40 PERSOAS.

DESTINATARIOS: Poboación dependente do Concello de Lobios.

ORZAMENTO GLOBAL: 1.300.000 €( construción centro en Lobios)



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

**FINANACIACIÓN:** Consorcio Galego de Serizos de Igualdade e Benestar.

**PLANIFICACIÓN:**

2009- Establecer un acordo con Concello de Lobios para o establecemento dunha residencia de Lobios.

2011- Rematar obras de construción e posta en funcionamento da residencia de Lobios. Análise de demanda para determinar novas necesidades .

**ORZAMEN TO:**

2009-2000.000€

2010-600.000€

2011-500.000€

O Concello de Lobios dispón do solo municipal suficiente e con a calificación adecuada na finca denominada BARBEITOS (antiga finca TEJADA), para poder dar a entidade “CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR” un dereito real de superficie, onde poderá realizar calesquera construcións ou edificacións destinadas a centro de día e do xedriátrico para persoas maiores.

En consecuencia e por todo o anteriormente exposto o Grupo Socialista propón que se adopte o seguinte ACORDO:

O Pleno acorda solicitar o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a creación de un centro de día e residencia da terceira idade públicos na capitalidade de Lobios, con as mesmas características dos que se están levando a cabo en Muíños, e con as prazas xerontolóxicas suficientes para satisfacer as necesidades de unha poboación cada vez máis envellecida.

Lobios, 23 de setembro de 2008”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se volve a discusión de antes.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que non é o mesmo xa que o Centro de Día que propon o Sr Alcalde é un modelo e o que propoñen eles é vivenda comunitaria, e non é incompatible, a única diferenza é que o modelo do PSOE fala dun sistema público e o modelo do BNG é un sistema concertado, polo que se debe decidir si se quere un modelo público ou concertado.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que apoian o centro público.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o seu modelo era o concertado pero que si os demais apoian o modelo público votaran a favor, facendo constar que desta maneira se beneficia a persoas de fora do Concello.

Sometida a votación a moción presentada polo PSG, PSOE, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, González González, Fernández Simo,e Carballo Suárez ( nove votos a favor)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

**5.- Rexistro de Entrada nº 2624 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo PP**



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE AFORRO E AUSTERIDAD NO GASTO PÚBLICO NAS CORPORACIÓNS LOCALIS.**

O grupo Municipal do Partido Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91,4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidas na seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Galicia padece unha situación de crise económica caracterizada por unha caída moi rápida do crecemento económico. En só 9 meses pasamos de crecer cerca dun 4% á practicamente a metade o 2,4%.

Ao frearse a actividade económica aumentan o número de despedidos e diminúen as contratacións. A maior perda de benestar para as familias provén da perda dun soldo, que en ningún caso se compensa co seguro de desemprego. E nestes últimos 12 meses en Galicia o número de parados aumentou en case 13.000 persoas.

Asimesmo, a calidade de vida de moitas familias empeorou considerablemente nos últimos anos, debido á suba.-case continua desde finais de 2005- dos tipos de interese das hipotecas, a suba dos alimentos de primeira necesidade, e doutros produtos básicos como a electricidade ou o petróleo.

Ante esta situación de crise económica, as entidades locais, como administración máis cara ó cidadán, non pode recortar os gastos sociais, pero si pode aplicar medidas de aforro e austeridade nas partidas orzamentarias relativas aos soldos e dietas dos cargos públicos, aos gastos correntes, así como axustar e revisar a oportunidade de liñas de subvención aprobadas nestes últimos anos.

Por todo isto, o Grupo Popular do concello de Lobios presenta para a súa aprobación polo Pleno, o seguinte ACORDO::

Na elaboración do Proxecto de Orzamento para o exercicio do 2009 cumpríranse os seguintes acordos:

1. Conxelación de tódolos soldos dos cargos públicos, alcaldes, concelleiros e asesores. Asimesmo, conxelación das retribucións en concepto de dietas e asistencias a órganos colexiados, así como das asignación para o funcionamento dos grupos municipais.
2. Reducción dos gastos de protocolo.
3. Elaboración dun plan de Axustge do Gasto Corrente, co obxectivo de, cando menos, conxelar o importe deste capítulos e co horizonte desexable de acadar a ta o 10% de aforro, para ello se fará un especial fincapé na redución dos gastos deste capítulo.
4. Presupuestación dos ingresos baixos os criterios de máximo rigor e predencia, realizando un seguimento constante da súa evolución ao longo de exercicio, para poder adaptar as previsións á realidade de xeito permanente. O presuposto de gastos non medará por riba de incremento que registre o PIB nominal. En todo caso, calquera variación das previsións dos ingresos esixirá a inmediata adopción dos correspondentes axustes no orzamento de gastos.
5. Revisión da necesidade e oportunidade das liñas de subvención previstas, realizando os axustes que sexan viables. En ningún caso se recortarán subvencións de carácter social nin aquelas que incentiven de xeito directo a actividade económica. Nos restantes casos, conxelarase o importe das subvencións de gasto corrente ou, no seu defecto minoraranse na mesma porcentaxe na que teñan diminuído os ingresos correntes cos que estas se poidan estar financiando.
6. Non se recortarán, en ningún caso, as partidas orzamentarias destinadas a atender gastos sociais.

Lobios / Ourense) a 22 de setembro do 2008.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, le a mocion:

Concedida a palabra ó Sr. Paz Leon, pregunta que significa a conxelacion.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, responde que manter o soldo como esta.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que respeta a mocion e uqe debido a un acordo do Pleno anterior presenta unha enmienda:

7.- Renuncia de todos os soldos e dietas para cubrir totalmente o custe da auditoria.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que a a uditoria ten que facerse por un ente publico e non privado, e o unico ente publico que pode facela é o Consello de Contas.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica queé mellor deixala asi e despois levara aoutro Pleno.

Sometida a votación a moción presentada polo PP, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodriguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez ( nove votos a favor)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

6.-  **Rexistro de Entrada nº 2627 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo PSG\_PSOE:**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, e le a mocion:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno Da Corporación esta **MOCIÓN „SOBRE A XORNADA POLO TRABAJO DECENTE,** en base as condieracións recollidas na seguinte:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A Declaración da Organización Internacional do Traballo (OIT), relativa aos principios e dereitos fundamentais do Traballo, adoptada no 1988, obriga a respectar e promover entre todos os Estados membros da Organización a liberdade de asociación e liberdade sindical, o recoñecemento efectivo da negociación colectiva e o dereito de folga, a eliminación en materia de emprego.

Doutra banda, os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), BASEADOS NA declaración do Milenio de nacións Unidas (2000), que deben ser cumpridos antes do ano 2015, establecen, entre outras cuestións, a erradicación da pobreza externa e a fame, a extensión do ensino primario universal, a redución infantil ou a promoción de igualdade de xénero.

Así mesmo, e segundo diferentes órganos, axencias e programas de Nacións Unidas, a metade da forza laboral mundial gana menos de 1,3 euros diarios, 12,3 millóns de persoas traballan en condicións de escravitude, 200 millóns de nenos menores de 15 anos traballan en lugar de ir á escola, en 2,2 millóns de persoas morren cada ano por mor de accidentes e doenzas laborais.

Ademais, nos países desenvolvidos incrementase a precariedade laboral, e a Unión ÇEuropea encamiñase cara unha desregulación de normas sociais comunitarias.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

Polo que,

O Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

Primeiro. Mostrar o apoio á Xornada Mundial polo Traballo decente, convocada para o 7 de outubro porla Confederación sindicaris máis representativa de España.

Segundo. Pedir ao Goberno de España que promova o respecto ás Normas fundamentais do Traballo, o Traballo decente de Desenvolvemento do Milenio.

Terceiro. Trasladar esta moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración á Oficina en España da Organización Internacional do Traballo e ás Representacións en España na Comisión Europea e no Parlamento Europeo.

Setembro do 2008.”

Sometida a votación a moción presentada polo PSG-PSOE, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez ( nove votos a favor)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

**7.- Rexistro de Entrada nº 2628 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo PSG\_PSOE:**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, e le a mocion:

“O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, SOBRE A modificación da directiva 2003/88/CE RELATIVA A ORDENACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO**, en base ás consideracións recollidas na seguinte:

### ***EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.***

O tempo de traballo é un dos elementos esenciais da relación laboral, No é causal que as primeiras normas laborais tivesen como función esencial acabar coas xornadas extenuantes que os empresarios impoñían aos seus traballadores. As primeiras loitas obreiras ás súas xornadas de traballo. Desde entón, a paulatina redución do tempo de traballo foi unha constante reivindicación da clase traballadora e, a súa vez, un símbolo de avance social.

O pasado día 10 de xuño o Consello de Ministros da Unición Europea de Emprego e Política Social aprobou a proposta de revisión da Directiva sobre tempo de traballo, de 1993.

O texto aprobado permite aumentar ata 65 horas a xornada laboral, o que supón un significativo paso atrás en materia de protección dos dereitos dos traballadores, que quebra garantías consagradas no Tratado e na Carta de dereitos fundamentais, e retrocede respecto á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza Europeo, abocando a millóns de traballadores e traballadoras a horarios esxeros.



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

A postura española diante da proposta de Directiva foi de oposición a que mediante acordo individual entre o empresario e o traballador poida traballarse máis de 48 horas á semana, por diversas e sólidas razóns: consagraría na lexislación comunitaria unha xornada de traballo moi superior á aplicada na maioría dos países membros; suñoñería renunciar á negociación colectiva en aras do acordo individual entre empresario e traballador, coa desprotección que iso supón para os traballadores e traballadoras; empeoraría as condicións de seguridade e saúde no traballo, prexudicaría a conciliación da vida laboral e familiar; e abriría a porta á prácticas de competencia desleal entre empresas, fomentando a deslocalización industrial

Por outro lado, o Parlamento de Galicia aprobou o 10 de setembro do ano en curso, por unanimidade, unha Resolución na que rexeita da proposta de Directiva da Unión Europea sobre a ampliación m'xima do tempo de traballo semanal aprobada, por maioría cualificada, polos ministros da Unión Europea.

Polo que,

O Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguinte ACORDOS:

Primeiro.- Instar ao Goberno a continuar liderando a oposición á ampliación da xornada laboral.

Segundo. Apoiar ao Goberno para que siga traballando co grupo de países que tratará de modificar a Directiva 2003/88/CE, relativa á Ordenación do Tempo de Traballo, cando sexa tramitada no parlamento Europeo.

Terceiro. Trasladar esta moción aos interlocutores sociais, ao Ministerio de Traballo e Inmigración, á representación en España na Comisión Europea, ao Parlamento Europeo e a todos os Grupos do Parlamento Europeo, solicitando o seu apoio para rexeitar a modificación da mencionada Directiva.

Setembro do 2008”

Sometida a votación a moción presentada polo PSG-PSOE, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vazquez Vazquez, González González, Fernández Simo,e Carballo Suárez ( nove votos a favor)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

**8.- Rexistro de Entrada nº 2631 de data 23 de setembro de 2008: Moción presentada polo PSG\_PSOE:**

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, e le a mocion:

“Grupo Municipal Socialista , en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN, sobre a REFORMA DO MODELO DE FINANCIACIÓN LOCAL**, en base ás consideracións recollidas na seguinte.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O pasado 13 de setembro reuniuse na cidade de Zaragoza, o Consello Territorial da FEMP, que representa a todas as Federacións Territorias de Municipios, Provinciais, Consellos e Cabidos Insulares, aprobado, por



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

UNANIMIDADE, UNHA resolución de todos as participantes relacionada coa adopción de medidas sobre a negociación de reforma do Modelo de Financiamento Local.

A FEGAMP, nunha recente reunión da súa executiva, e por unanimidade, acordou así mesmo que na negociación do novo modelo de financiamento local deberían ser introducidos os criterios de número de entidades singulares de poboación, extensión do territorio e avellentamento poboacional na distribución da Participación en ingresos do Estado, por influír nos custes de presentación dos servizos municipais.

Polo que, coa finalidade de asumir e subscribir todas as propostas aprobadas polo Consello Terrotorial da FEMP e pola Comisión Executiva da FEGAMP. O Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1º. En execución dos compromisos expresados polo Goberno da Nación para garantir un modelo de Reforma de Financiamento local, que permita dotar aos Gobernos locais dun financiamento axeitada e suficiente, de forma vincualda e simultánea á reforma do financiamento Autonómico, garantindo a participación das Entidades Locais nos íngreos das Comunidades Autónomas, expresar a firma vontade de apoiar á FEMP durante o proceso da negociación que está realizando en representación e defensa dos intereses de todas as entidades locais.

2º Considerar necesaria a unidade dos municipalistas en torno ás propostas presentadas pola FEMP, que require unha resposta desde a lealdade institucional por parte dos responsables do Ministerio de Economía e facenda, Ministerio de Administracións Públicas e Gobernos das CC.. AA, que aínda sendo coherente en relación á situación económica xeral, garanta a actividade, a prestación de servizos e o exercicio das responsabilidades públicas que se realizan de modo efectivo desde os Concellos, Deputacións, Consellos e Cabidos Insulares.

3º Considerar necesario incrementar a proposta de previsións para o exercicio orzamentario do ano 2009, presentada polo Ministerio de Economía e Facenda, en aplicación do sistema actual de financiamento, en relación á participación dos tributos do Estado polas entidades locais, e que se inclúa unha previsión de aumento do financiamento local con cargo aos orzamenetos do ano 2009.

4º Solicitar do goberno do Estado o compromiso firme de mellorar o financiameneto local, incorporando recursos adicionais para as Corporacións locais, ao igual que se incluíu na proposta do Ministerio de Economía para as Comunidades Autónomas.

5º Reiterar as necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado, nas próximas semanas, conforme ao calendario e contidos aprobados na Mesa Negociadora Bilateral FEMP- goberno, pechando simultaneamente o acordo de Financiameneto Local xunto co das CC.AA.

6º unha vez pechado o acordo de negociación deste proceso, debe formularse a súa continuidade nos ámbitos territorias entre os gobernos das CC.AA e os partidos políticos e cada unha das Federacións Territorias, para determinar a participación das Entidades Locais nos ingresos das Comunidades Autónomas, para avanzar no proceso da segunda descentralización desenvolvendo o pacto local.

7º Instar, coincidindo coa resolución aprobada polo Consello Terrotorial da FEMP EN Zaragoza, ao Goberno da Nación e a todos os partidos políticos representados no Parlamento do Estado para acadar de forma inmediata, desde o imprescindible consenso, un Acordo de Estado para aprobación dun novo Estatuto do goberno local, onde se recoñeza o marco de competencias reais e se respecten os principios básicos e irrenunciabes de igualdade, equidade, suficiencia financeira e autonomía local en todo o territorio, de Concellos, Deputacións, Consellos e Cabidos Insulares.



CONCELLO DE LOBIOS

8º Instar a que na reforma de modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñen en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentameento de acordo coa resolución da FEGAMP:

a 23 de setembro do 2008”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que consideran oportuno o reparto para Concellos de menos de 75.000 habitantes para que computen no reparto a superficie nun 10 % o número de núcleos nun 10 % na poboación o 65 % e o esforzo fiscal o 15 %, tamen se propon ter en consideración o envellemento da poboación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que se trata dunha petición de moitos anos atrás.

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, indicando que o exposto é o mesmo que se recolle pero máis matizado, é importante facer referencia a iso.

Sometida a votación a moción presentada polo PSG-PSOE, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Fernández Simo, e Carballo Suárez ( nove votos a favor)

**ABSTENCIONS:** Sres./as Estevez Gonzalez e Veloso Gonzalez (duas abstencións por inasistencia).

**PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que quere aclarar o que se di por ahí das festas de San Mamede onde se di que levou fondos a festa e por iso presenta o orzamento das festas para que se vexa que non se aportou nada, ademais nas festas de Lobios a cantidade que se tiñan era de seis mil euros, e esos son os datos e a realidade.

Concedida a palabra a Sra Yáñez Salgado, solicita:

.- Con respecto ao PAC non temos información polo que pedimos unha reunión co Conselleiro de Sanidade e o director do SERGAS,

O Sr Alcalde responde que si, que esta de acordo.

.-O parque infantil esta cheo de cristais e botellas e pide que se limpe

O SR Alcalde responde que se fixo un botellon pero limpouse onte por Benxamin.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se suma as dúas peticións e engade a limpeza dos xardíns xa que fai case un ano que non se fai

O Sr Paz Leon contesta que non é certo porque hai pouco que se limpiou.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pregunta por unha denuncia da asociación de empresarios xa que se lles debe dar contestación aos veciños



Estrada de Portugal, 27  
32870 – Lobios – Ourense (España)  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

O Sr Alcalde responde que xa se tivo unha reunión antonte co presidente da asociación e se lle contestou persoalmente.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pide que se lle informe por escrito dunhas queixas que xa no Pleno pasado fixo mencion no acta anterior.

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as dúas horas e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

O Secretario

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy